

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2013

Con data 22 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.—Modifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/12/13 pola que se aprobou a oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2013, eliminando unha praza de analista de laboratorio pola quenda de promoción interna e, substituíndo unha praza de programador de informática pola quenda libre por unha praza de condutor-bombeiro pola referida quenda.

Consecuencia do anterior, a Oferta de Emprego Público para o ano 2013, queda integrada polas seguintes 17 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (7 prazas, tres delas pola quenda libre)

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda Acceso
1	Técnico/a Medio/a Actividades Culturais e Educativas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
2	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	—————	Promoc. Interna
1	Programador Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
3	Condutor/a-Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) Persoal laboral : 10 prazas de oficiais de oficios pola quenda de promoción interna

Nº de prazas	Denominación	Quenda
1	Oficial Conserxe	Promoción Interna
1	Oficial Xardineiro	Promoción Interna
3	Oficial Condutor	Promoción Interna
1	Oficial Carpinteiro	Promoción Interna
1	Oficial Albanel	Promoción Interna
1	Oficial Sepultureiro	Promoción Interna
1	Oficial Almaceneiro	Promoción Interna
1	Oficial Mecánico	Promoción Interna



SEGUNDO.—De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvase un total de 1 praza (7% das 3 prazas ofertadas pola quenda libre e das 18 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

Unha praza de Administrativo/a de Administración Xeral, da quenda de promoción interna.

TERCEIRO.—Procédase a súa publicación urxente no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.”

Vigo, 29 de abril de 2016.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), Javier Pardo Espiñeira.

